

[Tirado de Mareš, P. (2014, xaneiro). *The Kind Millionaire, Lemonade Joe and Superman. On Czech Film Parodies. Images. The International Journal of European Film, Performing Arts and Audiovisual Communication*, vol. 14, num. 23, pp. 15-24. doi: 10.14746/i.2014.23.2]

AS CARACTERÍSTICAS DA PARODIA

A parodia adoita considerarse un xénero e soe comentarse no contexto dos xéneros, aínda que é máis ben unha aproximación baseada nunha relación intertextual, isto é, na relación entre un pre-texto (un texto parodiado) e un post-texto (un texto paródico): o texto paródico enfócase cara o texto parodiado (ou a unha complexa rede de textos fonte) e adopta ou imita algunhas das súas características específicas mais ao mesmo tempo presenta modificacións e deformacións que levan a un xiro na función textual cara a comicidade, o ridículo ou a polémica.

Falando aquí dun texto, debemos sinalar que dicimos texto nun senso amplo, isto é, un texto pode incluír elementos verbais e non verbais. Así, a intermedialidade conéctase coa intertextualidade; as parodias son habitualmente realizadas non só nun medio, senón nunha gran variedade de medios, de xeito que o proceso da transcodificación intermedia, a transposición dun sistema de signos en outro, adoita converterse en parte integral da creación paródica.

Outro aspecto importante conéctase coa cuestión de que pode funcionar como pre-texto para unha parodia: ademais das parodias baseadas nun texto concreto hai moitos traballos paródicos que representan unha reacción ás características dos textos dun autor/a específico/a (o seu estilo individual) ou do texto dun grupo de autores/as, e tamén ás convencións dun xénero, estilo funcional, discurso (determinado por tema, situación, status social dos participantes) ou medio. Nestes casos, un architexto (na definición proposta por Gérard Genette na súa teoría da transtextualidade) convértese nun pre-texto para a parodia.

Finalmente, debe salientarse que a parodia non só é un fenómeno artístico ou estético, senón cultural e de políticas culturais. A posición das parodias nun contexto cultural e social está enormemente influenciada polo feito de que adoitan estar conectadas con tensións e contradicións de valores que parecen ser significativas nun determinado momento da historia. As parodias reflexan ideas contemporáneas (a miúdo reforzadas polo poder

político) sobre as oposicións entre arte e non-arte, arte "alto" e "baixo", arte (apenas) entretido e arte que cultiva ao público, arte danoso e beneficioso, arte conservador e progresista, arte ríxido e innovador.

Para entender as características dos filmes paródicos checos, o seu efecto e as razóns para a súa popularidade entre a audiencia, debemos ter estas características en mente.

A PARODIA NO CINEMA CHECO

O gran número e a popularidade de parodias cinematográficas está conectado, sen ningunha dúbida, coa existencia constante de traballos paródicos na literatura e no teatro checo. Algúns destes traballos foron a xénese de adaptacións cinematográficas, mais non eran, baixo ningún concepto, a única fonte. Textos de autores estranxeiros tamén foron adaptados; por exemplo, o impulso que levou ao nacemento dunha das parodias de máis éxito, *Catro asasinatos son suficientes, meu amor* (1970) [*Čtyři vraždy stačí, drahoušku, Oldřich Lipský*], veu de *Sen sitio para os mortos* [*Mrtvacima ulaz zabranjen* (1960)], unha novela de detectives do autor croata Nenad Bixi. Asemade, moitas destas parodias estaban baseadas en guiños orixinais.

Mais destacable, con todo, é o feito de que moitas parodias literarias e cinematográficas foran directa ou indirectamente motivadas por actividades xornalísticas e culturais/políticas. Nos anos 1930 lanzárase unha campaña contra a chamada literatura lixo, incluíndo xéneros populares como a novela de misterio, os westerns ou as novelas románticas. Despois da Segunda Guerra Mundial había unha marcada intensificación desta campaña, e dende febreiro de 1948 (cando o Partido Comunista se fixera co poder en Checoslovaquia) os intentos de reducir a "literatura lixo" víranse reflexados en serias intervencións administrativas. Censura, control estatal sobre as compañías de edición e o descarte, confiscación e eliminación de publicacións antigas levou a que os xéneros mencionados máis arriba foran xeralmente afastados dos círculos culturais.

As parodias, que xurdiran principalmente durante os anos 1940, axudaron na campaña contra o lixo a través de reflexar, caricaturizar e ridiculizar as convencións dos xéneros que se estaban a criticar. Porén, debido á natureza intertextual da parodia, a influencia destes traballos non acababa de ser tan clara xa que, ao mesmo tempo, continuaban a chamar a atención sobre os tropos característicos dos xéneros que estaban a ser parodiados. Respecto ao cinema, a comedia de Martin Frič *A dura vida dun aventureiro* (*Těžký život dobrodruha*, 1941) entra parcialmente nesta categoría: o autor de historias policiais sobre un ladrón elegante vese metido de súpeto nun mundo de crime que funciona exactamente tal e como el o describía nos seus traballos lixosos; porén, resulta que este era só un xogo que tentaba demostrar ao autor

O MILLONARIO NOBRE, LEMONADE JOE E SUPERMAN. SOBRE AS PARODIAS CINEMATOGRÁFICAS CHECAS.

PETR MAREŠ

que as historias que contaba nos seus libros eran falsas e inmoraes. Como evidencia adicional, un home novo que tenta un roubo seguindo o exemplo das súas historias policiaes é arrestado. Máis tarde, seguindo a campaña contra o lixo, filmouse un filme que se converteu nun clásico representante da comedia checa, *O agocho do cazador furtivo ou o millonario nobre* (*Pytláková schovanka aneb Šlechtný milionář*, [Martin Frič], 1949).

LEMONADE JOE

O filme *Lemonade Joe, ou a ópera equina* (*Limonádový Joe aneb Koňská opera*, dirixido por Oldřich Lipský, 1964), que está á cabeza entre unha enorme onda de parodias dentro do cinema checo, tamén ten as súas raíces na campaña contra o lixo. O primeiro elo dentro da cadea intertextual da que a película forma parte é o relato curto escrito por Jiří Brdečka no ano 1940; o autor estaba a parodiar as historias populares dos westerns, e particularmente aquelas publicadas nos seriais de *Novelas de peto* (*Romány do kapsy – Rodokapsy*). Máis tarde, Brdečka elaboraría as aventuras do seu pistoleiro favorito en dúas producións teatrais (1944, 1945), en forma de novela (1946), e finalmente (como guionista) nunha versión cinematográfica.

Co paso dos anos, o contexto cultural cambiou considerablemente. Mentres as versións máis antigas da historia seguían a ser interpretadas fronte a un *background* de coñecemento ao respecto do xénero parodiado, o filme introduciu un contexto no que os westerns literarios e cinematográficos eran case inaccesibles para as audiencias; máis ou menos arredor do tempo no que se estreou *Lemonade Joe*, os westerns americanos comezaron a aparecer esporadicamente nos cinemas checos despois dun longo lapso de tempo (que comezou coa prohibición da importación de películas americanas durante a Segunda Guerra Mundial). Paradoxalmente, porén, por unha banda *Lemonade Joe* salientaba a revelación e ridiculización das convencións dos westerns, mentres pola outra ofrecía información sobre as características do xénero en cuestión e axudou a restaurar a ruptura respecto da súa continuidade. Case semella que ámbolos dous factores contribuíron á súa popularidade coas audiencias.

A película *Lemonade Joe*, seguindo as versións anteriores da historia, crea o seu efecto cómico primeiramente a través do feito de que ensina os patróns argumentais dos westerns dun xeito concentrado: a constelación habitual de personaxes, as situacións típicas e organizacións de escenas (un forasteiro chegando para axudar á lei e ao orde, un xogador de póker que fai trampas, pistoleiros,

entretemento dentro do saloon, duelos, roubos de bancos e demais), e opera con opostos simples (bo-malo, inocente-corruto, educado-maleducado, beleza-fealdade). Ademais, de xeito similar a *O agocho do cazador furtivo ou o millonario nobre*, pero dun xeito moito máis completo e consistente, *Lemonade Joe* emprega técnicas típicas das primeiras fases no desenrolo do cinema como tinguídos, aceleración da imaxe, inversión da imaxe, jump cut e uso do iris. O resultado é un retrato do salvaxe oeste que ofrece unha impresión cómica, pero que tamén está marcado por un certo encanto naïf e que evoca sentimentos de nostalgia. Ao mesmo tempo, con todo, aplícase un elemento subversivo, que é unha innovación introducida dentro da historia contada no filme. Mentres nas versións máis antigas *Lemonade Joe* era un amante desinteresado e un promotor da limoada da que el conseguía recoller a súa invencibilidade, o “Joe da película” convértese nun representante e co-proprietario da fábrica que produce a limoada. Isto lévanos a unha disrupción burlona do mito do western no que as accións do “vingador da xustiza” son, de feito, motivadas por intereses económicos.

A ERA DOURADA DAS PARODIAS DE XÉNERO

Despois do gran éxito de *Lemonade Joe*, un gran número de filmes que parodiaban diferentes xéneros populares (ou os seus subxéneros e períodos de desenrolo) foron creados ao longo dos seguintes anos. O que tiñan en común era que, ao igual que o western rodado por Oldřich Lipský, rompían a norma que habitualmente se considera unha condición para a correcta recepción dunha parodia. Os seus textos previos non eran traballos que fosen xeralmente ben coñecidos, e por tanto non podían ser xulgados en termos das súas transformacións humorísticas ou ridiculistas; pola contra, eran traballos cuxo acceso era complicado para as audiencias do seu momento. As parodias ou ben volvían aos xéneros que foran eliminados da conciencia dos lectores e audiencias pola xa mencionada campaña contra o lixo, ou a xéneros contemporáneos desenrolados no “oeste” que parecían ter unha aceptación difícil por razóns ideolóxicas. A ambivalencia habitualmente mencionada das parodias chegaba ao primeiro plano dun xeito distintivo: por unha banda, as convencións do xénero eran divulgadas, ridiculizadas e levadas ao extremo nestes filmes; pola outra, as parodias tamén podían funcionar coma unha fonte de ideas relativas ás características principais dos orixinais e como substituto do que era inaccesible e rexeitado pola burocracia oficial.

CINECLUBE DE COMPOSTELA

NOV
2021

ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as) cineclubedecompostela.wordpress.com facebook.com/cineclubedecompostela @cineclubedecompostela@gmail.com

PROYECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela) Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

3 DE NOVIEMBRE

AS AVENTURAS DO PRÍNCIPE ACHMED
(Die Abenteuer des Prinzen Achmed, Lotte Reiniger, Alemaña, 1926, 66', VOSG)

24 DE NOVIEMBRE

PERO SON UNHA ANIMADORA
(But I'm a Cheerleader, Jamie Babbit, EUA, 1999, 89', VOSG)

10 DE NOVIEMBRE

LEMONADE JOE, OU A ÓPERA EQUINA
(Limonádový Joe aneb Koňská opera, Oldřich Lipský, Checoslovaquia, 1964, 95', VOSG)

17 DE NOVIEMBRE

A POUSSADA DO DRAGÓN
(龍門客棧 [Lóng Mén Kè Zhàn], King Hu, Taiwán / Hong Kong, 1967, 111', VOSG)